

Visións d'O Señor dos Aneis, de J. R. R. Tolkien a Peter Jackson

Patricia Fra López

RESUMO Estudo comparado da triloxía de J.R.R. Tolkien, *O Señor dos aneis*, coa versión cinematográfica realizada por Peter Jackson. Despois de destacar a gran cantidade de material xurdido arredor da estrea dos filmes e de constatar a falta de estudos en profundidade que analicen a relación interdependente entre texto literario e filmico, Patricia Fra centra a atención nos cambios, tanto a nivel estrutural coma de personaxes, que presenta a película con respecto á novela, da que explica o proceso de edición e a súa escasa repercusión inicial. A seguir, ofrece cadros comparativos das dúas estruturas e analiza pormenorizadamente as diferenzas que presentan, entre as que salienta, por exemplo, a idade do protagonista, que considera que foi elixida para captar o público adolescente. Remata Patricia Fra dando noticia doutros traballos en preparación sobre esta mesma temática.

ABSTRACT This article compares Tolkien's trilogy, *The Lord of the rings*, with the film version directed by Peter Jackson. After noting the enormous interest generated by the screening of the films, and the comparative scarcity of serious analysis of the relationship between literary and cinematographic texts, PF looks at the changes, both structural and in terms of characterization, in the film when compared with the books (the publication process of which is explained, as is their initial lack of success). She then provides diagrams to illustrate the structures of both versions, and analyzes in detail the differences between them, noting for example the age of the protagonist, which she considers was chosen in order to attract a younger audience. PF finishes by announcing work in progress on the same theme.

*Tres Aneis para os Reis Elfos baixo o ceo,
Sete para os Señores Ananos nos seus pazos de pedra,
Nove para os Homes Mortais condenados a morrer.
Un para o Señor Escuro no seu trono escuro
Na Terra de Mordor onde moran as Sombras.
Un Anel para gobernalos a todos, un Anel para atopalos,
Un Anel para reunilos a todos e atrapalos nas tebras
Na Terra de Mordor onde moran as Sombras.*

Introdución

Cando un pensa en realizar un estudo sobre a obra magna de J.R.R. Tolkien e as súas versións cinematográficas, dirixidas por Peter Jackson, o que atopa nada máis comezar é que, co gallo da estrea das tres partes da triloxía d'*O Señor dos Aneis*, as librarías víronse anegadas de traballos –tanto de tipo divulgativo coma académico– sobre o autor, a súa obra e sobre as películas baseadas nela, contribuíndo así ao mito que xa existía, sobre todo a nivel do mundo anglosaxón, ao redor de Tolkien e os seus protagonistas. O mesmo pode dicirse do ámbito da rede mundial, da internet, na que xa precisamos de axuda e guía para non perdernos no *maremagnum* de páxinas web que conteñen materiais moi diversos sobre novela e películas.

52

Faltan, quizais polo recente do fenómeno cinematográfico suscitado pola triloxía, traballos que analicen en profundidade a relación interdependente entre texto literario e textos fílmicos. Presentarei neste estudo un traballo comparativo no nivel da estrutura de ambos os dous textos e prestarei atención preferente aos cambios feitos polos guionistas a nivel dos personaxes, que é o noso interese para este primeiro achegamento, xa que partimos da base de que, aínda que a novela de Tolkien non segue o camiño marcado polo seu primeiro éxito na literatura infantil, a novela *O Hobbit*, a triloxía cinematográfica está pensada como un vehículo “para todos os públicos”, pero centrado na audiencia xuvenil identificada coa historia de Frodo e o Anel n'*O Señor dos Aneis*.

O Anel de Tolkien, ou o camiño dende a literatura infantil até unha mitoloxía para Inglaterra

This tale grew in the telling, until it became a history of the Great War of the Ring and included many glimpses of the yet more ancient history that preceded it. It was begun soon after *The Hobbit* was written and before its publication in 1937, but I did not go on with this sequel, for I wished first to complete and set in order the mythology and legends of the Elder Days, which had then been taking shape for some years. I desired to do this for my own satisfaction, and I had little hope that other people would be interested in this work, especially since it was primarily linguistic in inspiration and was begun in order to provide the necessary background of ‘history’ for Elvish tongues. Foreword, *Lord of the Rings* (p. xv).

Debido ao inesperado éxito d'*O Hobbit*, a súa novela para nenos publicada en 1937, os seus editores Allen e Unwin solicitaronlle que escribise unha secuela, que Tolkien comezou, aínda que non estaba pensando xa no público infantil, no mesmo ano 1937. A súa redacción, como xa aparece na cita anterior, viuse atrasada porque o profesor retomou a escrita d'*O Silmarillion*, onde explica a formación da súa propia mitoloxía. A pesar de que en 1948 rematou o proceso de escritura e revisión, a novela foi primeiramente rexeitada polos editores, que tardaron anos en aceptala, entre outras cousas, pola súa extensión. Finalmente, grazas á insistencia de Rayner Unwin, o fillo de Sir Stanley Unwin e artífice cando era neno da publicación d'*O Hobbit*, decidíronse a publicala en 1954, pero por razóns económicas –de escaseza e carestía do papel, que facía moi custosa e arriscada a edición dunha novela de case mil páxinas– foi dividida e publicada en tres volumes, que non son independentes entre si. Ao parecer, segundo afirma Rayner Unwin,

co que tivemos máis problemas foi cos títulos das tres partes. Cando logramos convencelo [a Tolkien] de dividila, démonos conta de que non se podía titular *O Señor dos Aneis I, II e III*. Era demasiado monótono e repetitivo. Queríamos un título distinto para cada libro.

53

A isto engade Brian Sibley [autor de *The Lord of the Rings: The Making of the Movie Trilogy*, en “Del Libro al Guión: Descubriendo la Historia”, *The Two Towers Appendices*, Disco 3]:

Tolkien aceptó *La comunidad del anillo*, parecía un título natural pues en el primer volumen se presenta la comunidad. Eso estaba claro. Para el tercero, el editor sugirió el título de *El Retorno del Rey*, que a Tolkien no le gustó nada, porque adelantaba el final. En su opinión, no era una buena idea, porque se cargaba la incertidumbre de la historia. Él se inclinaba por titularlo *La Guerra del Anillo*, pero fue desechado por los editores. El segundo volumen es el más curioso de los tres. En una ocasión, dijo que las dos torres eran claramente la torre de Orthanc, fortaleza de Saruman, y la Torre de Cirith Ungol, donde en la novela, Frodo y Sam se enfrentan con Ella-Laraña y Tolkien tenía claro que las dos fuerzas contendientes en el libro eran, de alguna manera, Minas Tirith, plaza fuerte de Gondor, la sede del bien, y el poder de Sauron, en la Torre Oscura de Mordor, la torre de Barad-dûr. Pero en otra carta, Tolkien sugirió una posibilidad diferente, y

que le ha dado licencia a Peter Jackson y a su equipo para lo que han hecho en la película *Las Dos Torres*: que los dos poderes enemigos son realmente el poder de Saruman, Isengard y la Torre de Orthanc y el poder de Sauron, en Barad-dûr, en Mordor. Así que esas podrían ser las dos torres, pero cogido por los pelos.

Finalmente, as dúas primeiras novelas da triloxía, *A Irmandade do Anel* e *As Dúas Torres* foron publicadas en 1954 e a última, *O Regreso do Rei*, ao ano seguinte, 1955. A triloxía superaba con moito o que os seus editores esperaban e lle pediran, tanto en extensión coma no seu alcance temático e, ao contrario do que pode pensarse, non foi moi popular inmediatamente, senón que o fenómeno d'*O Señor dos Aneis* comezou a medrar durante os anos 60, sobre todo nos Estados Unidos, até o punto de que hoxe está considerada a segunda obra máis lida en inglés do século XX, despois d'*A Biblia*.

Esta gran popularidade do texto orixinal, como é doado pensar, fixo que as expectativas do público en xeral, e dos “puristas” da obra de Tolkien en particular, fosen moi altas. Se aínda era posíbel unha maior difusión, a mera noticia da rodaxe da súa versión cinematográfica duplicou, só nos Estados Unidos, as vendas da novela de Tolkien no ano 2000 e multiplicouna por dez no 2001. Como di Tom Shippey:

Like it or not, the mere rumour of the film has provided Tolkien with at least another generation of readers. Or has it?... For many millions of viewers, moreover, and for all the “book version’s” increased sales, the “film version” will be the only one they will ever know. Jackson will replace Tolkien, even erase him; this is the fear of some of Tolkien’s defenders¹.

A miña idea primixenia ao preparar este traballo era a de responder a unha pregunta que me leva dando que pensar dende hai tempo, a de cómo trasladar a “necesidade” de ler esta obra a unha audiencia nova –sobre todo, que non ten o hábito da lectura. Ao contrario do que afirma Shippey con respecto á opinión dos defensores de Tolkien, creo que acontece ao revés, e que xustamente por culpa –ou grazas a– da adaptación realizada por Peter Jackson, a partir

¹ Tom Shippey, “Peter Jackson’s authentically chilling abridgement of *The Lord of the Rings*”, *The Times Literary Supplement*, 21 decembro 2001.

de agora a obra literaria orixinal pódese beneficiar en gran medida da popularidade das películas, de cara á difusión d'*O Señor dos Aneis*. É este un fenómeno que adoita suceder se as películas resultantes das adaptacións de obras literarias acadan éxito entre o público, como afirmaba José María Bravo:

Las adaptaciones cinematográficas pueden estimular fuertemente el interés por las obras literarias que les sirven como punto de partida y contribuir de forma muy significativa a la ampliación del público lector (...) es un hecho conocido que las ventas de libros se disparan cuando se hace de ellos una versión cinematográfica. (...) Una adaptación puede popularizar a un autor que había pasado desapercibido (Ej. Karen Blixen); poner de moda a escritores olvidados (Bram Stoker); o dar a conocer entre el gran público a un escritor de carácter minoritario (Paul Bowles)².

Se ben non é este un caso de “poñer de moda a escritores esquecidos ou pouco coñecidos”, si se trata, na miña opinión, de invitar a xuventude a ler unha obra que, por pertencer ao xénero da literatura fantástica e, polo tanto, non entrar dentro dos canons académicos, podería pasar desapercibida fóra do mundo anglosaxón.

55

***O Señor dos Aneis*, de Peter Jackson: a historia de Frodo e o Anel**

O problema xerado ao redor do título da novela ten relevancia á hora de comezar a análise da primeira entrega da triloxía d'*O Señor dos Aneis*, xa que como é ben sabido, se mantiveron os mesmos títulos orixinais, aínda que con problemas engadidos no momento da estrea da segunda parte –o director e os produtores mantiveron unha ardua loita coas distribuidoras nos Estados Unidos para poder conservar ese título, xa que estas se empeñaron en que non se utilizase “As dúas torres” na película, para non ferir sensibilidades tras o atentado das Torres do *World Trade Center*. Máis alá, con todo, do contido extratextual que achegan os títulos, é importante tamén observar outro aspecto puramente alleo aos textos, pero que é necesario ter en conta á hora de estudar estes textos orixinais literarios e as súas correspondentes versións cinematográficas: o feito de que son interdependentes.

² J.M. Bravo Gozalo, “La importancia de la Literatura como punto de partida del arte cinematográfico”, en *La Literatura en Lengua Inglesa y el Cine*, Valladolid: ICE, 1993, p. 18.

É no eido da recepción onde o meu traballo pretende reflexionar sobre unha idea que non ten sido moi elaborada até o de agora, e que foi mencionada de pasada por Philippa Boyens nos “Apéndices” da edición estendida d’*As Dúas Torres*: un dos cambios fundamentais que fixeron os guionistas –do que non se menciona o por qué– foi o referente á idade de Frodo. No texto orixinal de Tolkien, o protagonista ten cincuenta e cinco anos cando deixa a Comarca para escapar dos Espectros do Anel, mentres que na película, Frodo é pouco máis que un adolescente (de feito, o actor que o interpreta, Elijah Wood, tiña dezanove anos cando comezou a rodaxe).

Este é, segundo Boyens, un cambio esencial que se fixo cara á versión cinematográfica e a guionista ten moitas sospeitas de que Tolkien se tería oposto a el; esta variación con respecto ao orixinal foi, en contra do que esperaban os guionistas, aceptada por todos os estudosos de Tolkien:

A ciertos niveles, hicimos mucho más en el primer libro, cambios más sustanciales en *Fellowship*, que ahora son aceptados y no se critican en absoluto. La edad de Frodo, por ejemplo. Es aceptada por todo el mundo, no supone ninguna dificultad, pero creo que para el profesor Tolkien sí lo habría sido. Habría supuesto una cosa extraña a la que se habría opuesto, cuando otra gente, que se consideran a sí mismos custodios de esta literatura, los han aceptado sin más.³

56

A orixe deste cambio, na miña opinión, foi o desexo de achegar as películas d’*O Señor dos Aneis* a unha meirande parte do público adolescente que, sobre todo en Norteamérica pero tamén en Europa, son os maiores consumidores de cine nas salas. Tendo en conta, ademais, que os rapaces prefiren o xénero de acción, dende a súa xénese a triloxía tiña moitos aditamentos para conquistar o favor deste tipo de audiencia, sempre e cando se asegurara a identificación dos potenciais espectadores con algún dos personaxes. Se a isto lle engadimos que o protagonista, un “mediano”, se vai ter que enfrontar a unhas forzas enormes, e que vai estar acompañado, ademais, polos seus dous amigos e parentes máis próximos, Merry e Pippin, e co seu fiel empregado Sam, entón terían o éxito asegurado.

Antes de proceder á análise, sen embargo, quero dar algúns detalles referentes ao estudo comparativo que propoño a continuación:

³ Philippa Boyens, “Del Libro al Guión: Descubriendo la Historia”, *Two Towers Appendices*, Disco 3.

1º) Aínda que neste traballo, por cuestións de extensión, só vou analizar a primeira das películas, é importante destacar que decidín utilizar a versión da novela en inglés, que está dividida en tres volumes. Por iso, ao referirme ao texto orixinal falo de “Novela: libro 1, 2, 3, 4, 5 e 6”, que se corresponden con *A Irmandade do Anel* (Libros 1 e 2) –as que corresponden a este artigo–, *As Dúas Torres* (Libros 3 e 4) e *O Regreso do Rei* (Libros 5 e 6), das que falarei noutros traballos que xa están en preparación. Aínda que esta división podería parecer irrelevante no caso da primeira entrega, resulta esencial, como coñece calquera lector de Tolkien, tanto n’*As Dúas Torres* coma n’*O Regreso do Rei*, pola separación física entre os personaxes e a existencia dunha dobre trama paralela.

2º) Tamén esta división do texto orixinal en seis libros debeu facilitar a estruturación da película, aínda que no proxecto orixinal presentado a Miramax para conseguir financiamento Peter Jackson deixa claro que o guión inicialmente estaba pensado para a produción de dúas películas. Na derradeira versión, con todo, mantense o esquema orixinal da publicación adoptada polos editores e forma unha triloxía, presentándose cos mesmos títulos, o que carrexou os problemas que xa comentei anteriormente.

En canto aos textos fílmicos, decidín empregar neste estudo as versións estendidas en formato DVD da triloxía, a pesar de que non foron as estreadas para o público, porque cada unha delas inclúe case corenta e cinco minutos máis de escenas que achegan moita información, sobre todo, de cara á caracterización dos personaxes. Estas versións estendidas están tamén subdivididas en dous discos coa película, con outros dous discos de apéndices cada unha, o que será relevante para a localización dalgúns dos comentarios extraídos das entrevistas incluídas nestes DVDs.

Ademais das fontes secundarias tradicionais recollidas na bibliografía, decidín empregar estes materiais extras incluídos na versión en DVD xa que, en moitos casos, son moi clarificadores á hora de analizar cuestións tanto de translación do texto orixinal á pantalla coma por recoller comentarios de recoñecidos críticos da obra de Tolkien, como Tom Shippey ou o Dr. Patrick Curry. De feito, resultan moi positivos como obxecto de estudo no caso dunha adaptación, porque, ao contrario do que atopamos en moitos DVDs das películas máis populares, n’*O Señor dos Aneis* os documentais sobre o autor e a súa obra, así como os que se refiren á elaboración do guión, son esenciais para coñecer de primeira man tanto cuestións do eido conceptual, sobre o tipo de

adaptación que pretendían facer, coma toda a problemática que atoparon no proceso, e os porqués de moitas decisións difíciles que tomaron, e que serán comentadas nas seguintes páxinas deste traballo.

A continuación inclúo o meu propio esquema comparativo. Na parte da esquerda da táboa, e separada en dúas partes, fago a división da película en secuencias, tal e como aparece detallado na versión en DVD. Á dereita da táboa recóllense os correspondentes capítulos da novela, divididos tamén en dous libros, segundo a edición consultada. Entre paréntese aparece o número que corresponde ao eido que ocupa ese capítulo dentro da estrutura do texto fílmico.

O SEÑOR DOS ANEIS: A IRMANDADE DO ANEL. Estrutura

PELÍCULA 1ª PARTE

NOVELA LIBRO 1

(1) Prólogo: un Anel para gobernalos a todos (2) Referente aos Hobbits * (3) A Comarca (referente aos Hobbits) (4) Vello Amigos	I. (5) Unha reunión moi esperada
(6) Adeus, querido Bilbo (7) Mantelo en secreto é mantelo a salvo (8) A historia de Isildur (9) No Dragón Verde *	II. (10) A sombra do pasado
(11) O paso dos Elfos * (12) Saruman o Branco	III. Tres son multitude IV. (13) Un atallo até as Hongos
	V. A conspiración desenmascarada VI. O bosque vello VII. Na casa de Tom Bombadil VIII. Néboa na quebrada dos Túmulos
(14) Bucklebury Ferry	IX. (15) A pola enseña do Poney Pisador
(16) O Nazgul (17) Os Pantanos de Moscagua *	X. Trancos
(18) O dano causado a Isengard	XI. (19) Un coitelo na escuridade
(20) As cavernas de Isengard	XII. (21) Fuxindo cara ao Vao
(22) Rivendell	LIBRO II, CAP. I (23) Moitos encontros
(24) O destino do Anel (25) A espada que foi quebrada (26) Os Evenstar	LIBRO II, CAP. II (27) O Concilio de Elrond

O SEÑOR DOS ANEIS: A IRMANDADE DO ANEL. Estrutura

PELÍCULA 2ª PARTE	NOVELA LIBRO 2
	I (23) Moitos encontros II (27) O Concilio de Elrond
(28) O recordo de Gilraen * (29) Os agasallos de Bilbo (30) A partida da Irmandade *	III (31) O Anel vai cara ao Sur
(32) O Paso de Caradhras (33) Moria	IV (34) Unha viaxe na escuridade
(35) O Sepulcro de Balin	V (36) A Ponte de Khazad-Dum VI (37) Lothlórien
(38) Caras Galadhon	VII (39) O espello de Galadriel
(40) O Guerreiro Uruk-hai	VIII (41) Adeus a Lórien IX (42) O Río Grande
(43) Parth Galen	X (44) A disolución da Irmandade
(45) A marcha de Boromir (46) O camiño nunca se acaba	LIBRO III, CAP I. A marcha de Boromir

Análise comparativa da estrutura d’*A Irmandade do Anel*, película e texto literario

La verdad es que no se puede ser custodio de esto. Es algo orgánico. La película es la que es, los libros son intocables, existen y siempre existirán, y esta es una versión de un grupo de admiradores. Todos amamos estos libros, somos fans de este mundo, y esta es nuestra interpretación, nuestra visión, nuestro intento de darle vida⁴.

Antes de realizar os comentarios referentes á análise comparativa da estrutura d’*O Señor dos Aneis*, gustaríame deixar claro que estou completamente de acordo co que afirma Philippa Boyens nos “Apéndice” d’*As Dúas Torres*. Non se pode vulgar a versión realizada por este equipo –ou por ningún outro– con prexuízos, considerando, como se ten feito en innumerábeis ocasións, que o texto fílmico é sempre, por natureza e por definición, inferior ao texto literario orixinal, polo que este ten de produción empresarial pensada para o entretemento do público. Probabelmente sexa *O Señor dos Aneis* un dos textos máis

⁴ Philippa Boyens, cit.

difíciles de adaptar ao cine e, só por iso, creo que merece o seu recoñecemento na historia da adaptación de obras literarias ao cine. Pero non é este o lugar de reivindicar un texto fronte ao outro, senón de poñelos en paralelo, e intentar ver como se organizou a información para relatar a primeira parte da triloxía.

A Irmandade do Anel está organizada de forma lineal e seguindo unha orde cronolóxica. O Libro I comeza cunha descrición dos hobbits e o seu mundo, a chegada de Gandalf á Comarca para asistir á festa de aniversario de Bilbo, a repentina marcha do mago despois de descubrir o Anel, a posterior marcha de Frodo, Sam, Merry e Pippin da Comarca, o seu encontro inesperado con Trancos/Aragorn en Bree, o ataque dos Espectros do Anel e a fuxida cara a Rivendell. En canto ao Libro II, relata a formación da Irmandade, o principio da súa viaxe para destruír o Anel, a desaparición de Gandalf nas Minas de Moria e a posterior disolución da compañía, coa fuxida de Frodo e Sam cara a Mordor.

60

Se comparamos o esquema pertencente á novela coa distribución en secuencias da película, e a pesar do que se podería esperar tendo en conta que cada unha das películas vai “recoller” o contido do respectivo volume da novela, vemos non obstante que hai supresións de personaxes e diálogos e episodios engadidos. Destaca, nunha primeira ollada, que existen secuencias que conservan os títulos dalgúns dos capítulos da novela e outras que experimentaron cambios. Isto aparece sinalado no meu esquema, xa que o número romano que marca a orde do capítulo do texto orixinal vai seguido dun numeral que indica o eido que ocupa no esquema do texto fílmico. Nalgúns casos, fíxose necesario marcar a diferenza na orde dos elementos por medio dunha frecha no esquema.

En seis das secuencias aparece un asterisco seguindo ao nome, o que responde a que é un capítulo incluído na versión estendida, pero que non aparecería na versión estreada no cine. Creo que é interesante destacar neste traballo o contido destas secuencias engadidas. O aspecto máis destacado ao respecto de todas elas é que a súa función é dar máis información sobre os personaxes, pero estas secuencias non se consideraron imprescindíbeis para a versión estreada no cine, sobre todo porque, en certos casos, retardaban a acción e o director da triloxía era moi coidadoso de non ampliar máis do necesario o que xa se consideraba unha excesiva duración das películas. Deste xeito, aínda que,

por exemplo, a número vinte e oito, “O Recordo de Gilraen”, é moi curta, Peter Jackson decidiu reservala para a versión estendida. Neste caso concreto, tratábase de achegar máis información sobre o personaxe de Aragorn, que resulta moi relevante á hora de interpretar as dúbidas que lle xorden entre asumir a súa responsabilidade como herdeiro ao trono de Gondor e a elección que fai n’*O Regreso do Rei*.

No que se refire ao resto das escenas engadidas, tanto a número dous, “Referente aos Hobbits”, coma a nove, “No Dragón Verde”, empréganse para redondear o retrato da raza, os costumes e forma de vida dos hobbits; no primeiro caso, cítase o título do primeiro capítulo da novela e, no segundo, faise referencia a que a pracenteira e confortábel vida que leva este pobo está ameazada, aínda que eles prefiren non darse por aludidos. Esta conversa, na que están presentes os catro hobbits que van formar parte da irmandade, serve tamén para evidenciar o carácter despreocupado e ledo de Frodo. O ton de comedia serve de contraste coa secuencia que segue, “A sombra do Pasado”, na que Gandalf lle ordena a Frodo que marche inmediatamente da Comarca, xa que está en perigo de ser perseguido polos Espectros do Anel. Por último, nas escenas engadidas quero destacar a número once, “O paso dos Elfos”, xa que está directamente relacionada cun dos cambios fundamentais nesta primeira película da triloxía: o que atinxe ao personaxe de Arwen Undómiel, a doncela elfa que é a namorada de Aragorn. “O paso dos Elfos” é a primeira das escenas dende que Frodo e Sam abandonaron Bulseiro Pechado, pero remárcase que aínda seguen na Comarca e que non atoparon o perigo de fronte, pola súa aparencia despreocupada, e tamén anticipa a derradeira partida dos Elfos cara ás terras do Oeste, no declive do seu pobo. Tanto na segunda parte (secuencia trinta e oito, “O destino de Arwen”) coma na terceira (secuencia nove, “A visión de Arwen) d’*O Señor dos Aneis*, vemos que Arwen ten que tomar a decisión de quedar na Terra Media e converterse en mortal para vivir a súa historia de amor con Aragorn, ou seguir co seu pobo e conservar a súa inmortalidade marchando co resto dos Elfos ás terras de Valinor. Este foi, segundo os guionistas, un dos personaxes máis difíciles de perfilar, porque ten moi pouca presenza no texto orixinal e por iso decidiron recorrer aos apéndice da novela de Tolkien, onde se explica a relación especial entre Aragorn e Arwen conectada coa mitoloxía e a historia dos diferentes pobos. Así, unha das decisións que tomaron foi a de substituír a Arwen, que é a filla do Señor Elrond, polo personaxe de Glorfindel, o elfo que rescata a Frodo para levalo a Rivendell, xa que foi malferido polo Rei Bruxo de Angmar na Cima dos

Ventos, e necesita das artes curativas do Señor dos Elfos. Desta maneira, dábanlle unha maior presenza a este personaxe.

En canto ás outras escenas cambiadas, hai que destacar que *A Irmandade do Anel* comeza cun prólogo engadido no que unha voz en off, narrada polo personaxe de Galadriel (Cate Blanchett) fai un relato da historia da Terra Media: a forxa dos aneis de poder e o seu reparto entre os diferentes pobos –elfos, ananos e homes–, a antiga alianza entre homes e elfos, a batalla de Dagorlad, a derrota de Sauron e a consecución do anel por parte de Isildur. Neste prólogo, que na novela, na súa meirande parte era, ben narrado por Gandalf, ben recollido nos diálogos do “Concilio de Elrond” [Libro II, cap. II] introdúcese tamén un personaxe que vai ser esencial na segunda e terceira partes da trilogía, o da criatura Gollum, e sinálase como o anel foi parar ás mans dun hobbit, Bilbo Bulseiro.

62 O cambio máis fundamental, e o que creou máis controversia entre o público afeccionado á obra de Tolkien, foi a supresión do personaxe de Tom Bombadil, que en realidade indica que os guionistas deixaron sen incluír os capítulos V, VI, VII E VIII da novela. Tom Bombadil, metade home, metade Ent –pastor de árbores–, é unha das creacións máis entrañábeis d’*O Señor dos Aneis* e, polo tanto, máis querido polos lectores. Sen embargo, no esquema fundamental do grupo de guionistas formado por Peter Jackson, Fran Walsh e Philippa Boyens, o esencial era facer avanzar a acción, que no fundamental trata sobre como Frodo decide levar o Anel a Mordor e destruílo. Segundo o propio Peter Jackson,

¿Qué tiene que ver Tom Bombadil al fin y al cabo con el Anillo? Sé que el Anillo interviene en el episodio de Bombadil, pero no hace avanzar la historia ni nos aporta información, no nos dice nada que tengamos que saber,

ao que Christopher Lee, que interpreta a Saruman, engade,

Hay muchas cosas en las películas que no están en el libro. Y creo que, en la mayoría de los casos, son mejoras, porque son escenas que deben aparecer, que deben ser vistas, y que aportan mucho. Otra gente se va a quejar de la ausencia de Tom Bombadil. Es triste, sí, pero esto no tendría final⁵.

⁵ Peter Jackson e Christopher Lee, en “Del Libro al Guión”, *The Fellowship of the Ring Appendices*, DVD 1.

Conclusións parciais: continuaré...

Son consciente de que neste traballo non se reflicten as indicacións do director, Peter Jackson, e da guionista, Philippa Boyens, cando afirman que

la trama de *El Señor de los Anillos* en nuestra película, resumida de la forma más sencilla, es el viaje de Frodo llevando el Anillo a Mordor para destruirlo⁶.

Resulta, porén, moi difícil deslindar a centralidade da viaxe de Frodo n'*A Irmandade do Anel* como o aspecto máis salientábel porque, aínda que como portador do Anel adopta o protagonismo do heroe de forma individual, na realidade da triloxía amósase a importancia e a pertenza ao grupo como o aspecto fundamental, que se demostra na mesma formación da compañía no "Concilio de Elrond".

A súa posición como eixo revélase, non obstante, esencial nas outras dúas entregas da triloxía d'*O Señor dos Aneis*, ás que penso dedicar outros traballos que desenvolverei con posterioridade. É a miña intención estudar a aplicabilidade do esquema presentado por Sánchez-Escalonilla na súa obra *Guión de aventura y forja del héroe*, na que se presenta a historia de Frodo e o Anel como unha viaxe iniciática, pero curiosamente, só o emprega no texto orixinal de Tolkien, e non no dos filmes. A miña próxima achega a este tema terá, por tanto, por obxecto, a análise de Frodo como heroe dentro do esquema d'*As Dúas Torres*, para o cal sirva como adianto o seguinte esquema.

⁶ Peter Jackson, "Del Libro al Guión", *Fellowship Appendices*, DVD 1.

O SEÑOR DOS ANEIS: AS DÚAS TORRES

PELÍCULA 1ª PARTE

NOVELA LIBRO 3

<p>1. Os cementos de pedra 2. A corda élfica* 3. Sméagol Domado (Libro IV, cap. I)</p>	<p>I. A Partida de Boromir (<i>A Irmandade do Anel</i>, 45)</p>
<p>5 Os tres cazadores 6. A queimá do Folde Oeste 7: Masacre no Vao de Isen* 8. O desterro de Eomer 9. Tras a pista dos Uruk-hai 10. Campamento nocturno en Fangorn</p>	<p>II. (11) Os xinetes de Rohan</p>
<p>12. Pegadas de Merry e Pippin</p>	<p>III (4) Os Uruk-hai</p>
<p>14. A través do lamazal (Libro 4, cap. 2) 16. A canción das Ent-mulleres * 17. O herdeiro de Númenor * 18. A Porta Negra está pechada (Libro 4, cap. 3) 19. Conclav-Ent</p>	<p>IV. (13) Bárbol [Pastor de Árbores] V. (15) O cabaleiro branco VI. (20) O rei do castelo de ouro</p>
<p>21. O funeral de Théodred* 22. Simbelmynë 23. A Decisión do Rei 24. Brego * 25. O anel de Barahir * 26 Filla de reis 27 Éxodo de Edoras 28. Os Bosques de Ithilien 29. Gollum e Sméagol 30. Herbas Aromáticas e Guiso de Coello (Libro 4, cap. 4)</p>	<p>VII. (35) O abismo de Helm VIII O camiño a Isengard [3 O REGRESO DO REI] IX. Restos e desposos [63 AS DÚAS TORRES] X. A voz de Saruman [NO] XI O palantír [6 O REGRESO DO REI]</p>

O SEÑOR DOS ANEIS: AS DÚAS TORRES

PELÍCULA 2ª PARTE

NOVELA LIBRO 4

<p>31. Mulleres ananas 32. Un dos Dúnedain * 33. Evenstar 34. Os lobos de Isengard 35. O Abismo de Helm (LIBRO 3, cap. VII) 36. As Forzas de Isengard 37. A Graza dos Valar 38. O Destino de Arwen 39. A Historia presaxiada dende Lórien 41. Fillos do servo *</p>		<p>I (3) Sméagol Domado II (14) A través do lamazal III (18) A Porta Negra está pechada IV (30) Herbas aromáticas e Guiso de Coello V (40) Unha Ventá cara ao Oeste VI. (42) O estanque vedado</p>
<p>43. O Retorno de Aragorn 44. Ent-contro 45. As Cavernas 46. “¿Qué foi do xinete e o seu cabalo?” 47. “Non sexas impaciente, maese Meriadoc” 48. As hostes dos Eldar 49. A Batalla da Fortaleza 50. En Lingua Ent 51. A Fractura do Muro 52. A asemblea Ent decide 53. Retirada 54. O Plan de Maese Peregrin</p>	<p>55. Osgiliath 56. A última marcha dos Ents 57. O Ataque Nazgûl 58. Eorlingas 59. A inundación de Isengard 60. As Grandes Historias que realmente importan 61. Fangorn chega ao abismo de Helm * 62. O reconto final * 63. Restos e desposos (cap IX LIBRO 3) 64. Adeus a Faramir * 65. “A Batalla pola Terra Media non fixo máis que empezar” 66. O Plan de Gollum</p>	<p>VII Viaxe á encrucillada (2 O REGRESO DO REI) VIII. As escaleiras de Cirith Ungol [23 O REGRESO DO REI] IX. A gorida de EllaLaraña [38 O REGRESO DO REI] X. A Elección de Maese Samsagaz [43 O REGRESO DO REI]</p>

Patricia Fra

Universidade de Santiago de Compostela-CEFILMUS

Bibliografía

Bravo Gozalo, José María, “La importancia de la Literatura como punto de partida del arte cinematográfico”, en *La Literatura en Lengua Inglesa y el Cine*, Valladolid: ICE, 1993, pp. 11-28.

Carter, Lin, *El Origen de El Señor de los Anillos*, Barcelona: Ediciones B., 2002.

Hourihan, Margery, *Deconstructing the Hero: Literary Theory and Children's Literature*, Londres & Nova York: Routledge, 1997.

Jackson, Peter (dir.), *The Lord of the Rings: The Fellowship of the Ring*, New Line Home Entertainment, 2002.

—— (dir.), *The Lord of the Rings: The Two Towers*, New Line Home Entertainment, 2003.

—— (dir.), *The Lord of the Rings: The Return of the King*, New Line Home Entertainment, 2004.

Pearce, Joseph, *Tolkien, Hombre y Mito*, Barcelona: Minotauro, 2000.

Rampoldi, M^a Florencia, *Tolkien, el Señor de los Mitos*, Barcelona: Círculo, 2003.

Sánchez-Escalonilla, Antonio, *Guión de aventura y forja del héroe*, Barcelona: Ariel, 2002.

Shippey, Tom, “Peter Jackson’s authentically chilling abridgement of *The Lord of the Rings*” en *The Times Literary Supplement*, 21 diciembre 2001.

Tolkien, J.R.R., *The Lord of the Rings: The Fellowship of the Ring*, Londres: Harper&Collins, 2001 (1954 1^a ed.).

66 ———, *The Lord of the Rings: The Two Towers*, Londres: Harper&Collins, 1997 (1954 1^a ed.).

———, *The Lord of the Rings: The Return of the King*, Londres: Allen&Unwin, 1981 (1955 1^a ed.).